

MEMORIA GT

151.D00

AMOSATA, CRISTINA **151.D01**

GÓMEZ CALVO, NOELIA **151.D02**

GÓMEZ DE LA CAMPA, XIANA **151.D03**

GÓMEZ VALES, LAURA **151.D04**

LUENGO MARTÍNEZ, DIEGO **151.D05**

Tema e foco: A emigración galega cara Sudamérica a partir dos anos vinte (xornais creados en Galicia e alá, galego "ignorante" e "paleto").

1.- Explicación de Grupo:

1.1.- Resumo do Traballo: orientación e obxectivos. Actividades finalmente realizadas polo grupo.

A nosa primeira orientación baseábase na búsqueda de publicacións feitas fóra (en Latinoamérica) para dar mostra de como se forneceron símbolos identitarios fóra do país. Rescatar, asemade aos referentes intelectuais, algunhas persoas que emigraron (nosos parentes e veciños) e algúns dos coetáneos que ven a emigración como posibilidade futura ou que xa viven nela (Eloy Vidal en Sevenoaks).

Outros dos obxectivos que nos encomendamos foi o de dar visibilidade á figura estereotipada do emigrante galego que foi motivos de libros, traballos e incluso motivo do cine (por medio da caricatura feita por Niní Marshall). Fixemos un intento de representación dramática arredor dos prexuizos que recibían as *mucamas*. E profundizamos neste termo. A música e as xa míticas escolas da emigración foron tamén actividades no noso proceder. E finalmente, demostrar o cambio que sufriu o tratamento migratorio na prensa e nos medios en xeral, establecendo un intento de comparativa entre a emigración actual e a das oleadas precedentes (pre e pos franquismo).

A pesar de que a análise do tratamento mediático desprendía un forte interese para nós, fixémoslo dun xeito superficial e engadimos certas pinceladas, ben porque é un arduo proceso que levaría máis do tempo planificado e ben porque non pretendiamos centrarnos só niso.

Palabras clave nas nosas pesquisas: **emigración galega, definición emigración, estereotipo na emigración galega, emigración en Suramérica, Sociedades galegas, inmigración nos medios, relación inmigrantes con delincuencia.**

1.2.- Resumo sobre a organización de grupo diante do traballo (Roles e clara explicación de como se traballou para conseguir obxectivos. Técnicas empregadas. Obstáculos atopados. Distribución de tempos das tarefas).

Nun principio asignamos a cada membro os seguintes roles:

Xiana: entrevistadora e redactora

Laura: procuradora de documentación e redactora

Noelia: tratamento/acceso ás fontes e redactora

Diego: entrevistador e redactor

Cristina: procuradora de documentación e redactora

Ao longo do traballo fomos cambiando as funcións segundo o que era conveniente para nós. Así é que Laura e Cristina quedaron como entrevistadoras xa que tiñan un acceso máis fácil ás fontes (por proximidade xeográfica simplemente). O traballo de documentación e redacción fixémoslo entre todos sempre. Cada un redactou o seu post individual mais á hora de buscar información, como tiñamos varias liñas a seguir, buscamos entre todos aínda que fora para un post individual. Esa foi a nosa estratexia de traballo. Tiñamos varios obxetivos a seguir asique adoitabamos quedar un día á semana para ir a sitios a documentarnos ou realizar entrevistas e, se era necesario, quedabamos outro día para preparar os posts. Por exemplo, ao principio a nosa idea central era rescatar publicacións galegas en Latinoamérica asique durante un tempo quedamos para ir á Biblioteca Xeral, ao Consello de Cultura no Gaiás, á biblioteca de Eugenio Granell... As técnicas empregadas foron basicamente contactar con fontes por correo, en moitos casos ao non recibir resposta presentarnos en persoa e, a partir de aí, “ir tirando do fío” e traballando sobre o que xurdía. Algunhas ideas de posts individuais saíron sen mais de ler o xornal diario tamén. Tal vez un dos obstáculos atopados foi a non resposta dalgúns medios como Global Galicia (La Voz de Galicia) ou Sermos Galiza. Incluso para ir ao Arquivo do Consello da Cultura demos varias voltas porque nos mandaron a unha dirección onde non había ninguén e finalmente tivemos que ir á Cidade da Cultura onde si nos atenderon e nos prestaron libros e revistas. Outro obstáculo distinto foi que ao contactar ca asociacións de emigrantes de Compostela non conseguimos entrevistar a ningún emigrante retornado de Latinoamérica porque só había un e non se atopaba

aquí. A maioría dos membros da asociación emigraran a Europa. É dicir, a traba era que estabamos tratando unha emigración cuxa principal oleada se produciu a finais do XIX e comezos do XX e por tanto non quedan apenas testigos. Outro factor que xogou na nosa contra foi que existeu unha enorme produción xornalística e cultural galega feita por emigrantes, co cal, atopar algo concreto nun número concreto dunha revista concreta tomaba moito tempo e era realmente cansino. Por exemplo, para encontrar un texto onde se reflexaran estereotipos, etc. Tamén botamos en falta onde atopar información de medios clandestinos na emigración porque non hai ningún documento nin publicación que os rexistre e era un tema que nos parecía realmente interesante. E por último, outro obstáculo ás veces foi a nosa propia dispoñibilidade horaria. Por exemplo, para entrevistar a Neira Vilas tivémonos que desprazar entre semana a Gres con algunha complicación engadida. Finalmente saíu todo ben.

1.3.- Rexistro-itinerario (dietario) de accións emprendidas (da acción máis nova á máis vella: datar cada unha delas).

19/04/2015

Toma de contacto coas asociacións galegas en Latinoamérica e cos xornais galegos La Voz e Galicia e Sermos Galiza para realizar as firmas invitadas.

16/04/2015

Último post individual de Luengo Martínez, Diego.

14/04/2015

Último post individual de Gómez Vales, Laura.

Percatámonos a través da rede da existencia dun barrio en Manchester onde residen, na súa maioría, españois e comezamos a busca de datos e experiencias.

11/04/2015

Aparece nos medios de comunicación galegos (Sermos Galiza, Praza Pública, Radio Obradoiro e La Vanguardia) a presentación da iniciativa Voltar á Terra na Galería Sargadelos o venres 10 de abril.

10/04/2015

Último post individual de Gómez Calvo, Noelia. Fai un pequeno resumo dende a súa perspectiva das sensacións que lle provou o traballo.

08/04/2015

Último post individual de Gómez de la Campa, Xiana.

07/04/2015

Repaso da actualidade xornalística para poder dar conta do tratamento que fan os medios dos inmigrantes no nos país.

06/04/2015

Último post individual de Amosa Tato, Cristina.

26/03/2015

Derradeiro post grupal no que, prendendo da viaxe, volvemos definir o término emigración e damos a coñecer as conclusión da nosa andadura.

Post de Luengo Martínez, Diego sobre Eugenio Granell.

24/03/2015

Visita á Biblioteca da Fundación de Eugenio Granell, na que consultamos libros da súa vida e obra e algunhas das exposicións dispoñibles na Fundación.

Post de Gómez Vales, Laura da caracterización dos galegos no cine e no teatro.

23/03/2015

Volvemos ao Consello da Cultura Galega con sede na Cidade da Cultura onde consultamos arquivos e libros sobre os estereotipos dos galegos creados na emigración.

Poñémonos en contacto con Manuel Barros, membro de Hijos del Ayuntamiento de La Estrada, para que nos aporte información sobre

20/03/2015

Post de Gómez Calvo, Noelia sobre Luis Seoane.

19/03/2015

Consultamos o arquivo online do Consello da Cultura Galega e os libros dispoñible sobre o artista na Bilioteca Xeral de Santiago.

18/03/2015

Post de Gómez de la Campa, Xiana.

17/03/2015

Pequena enquisa a pé de rúa para coñecer as expectativas de futuro do estudantado galego e se consideran a posibilidade dunha emigración coma a dos seus antepasados.

16/03/2015

Post individual de Amosa Tato, Cristina.

13/03/2015

Informámonos sobre a evolución da música na emigración e cales foron os artistas que trataran o tema nas súas cancións.

12/03/2015

Post grupal no que informamos da nosa evolución.

Post individual de Luengo Martínez, Diego.

11/03/2015

Xuntanza do grupo para valorar a nosa andanza ata o momento e aclarar as directrices a seguir nun futuro.

Toma de contacto cun novo termo, Síndrome de Ulises, e posta en contacto co colexio de psicólogos de Santiago.

10/03/2015

Post individual Gómez Vales, Laura.

08/03/2015

Nunha búsqueda casual na rede atopamos a iniciativa GlobalGalicia e comezamos a nosa investigación.

06/03/2015

Post individual Gómez Calvo, Noelia.

04/03/2015

Poñémonos en contacto, a través do correo electrónico, con Eloy Vidal para que nos conte a súa experiencia como emigrante galego do século XXI.

Post individual Gómez de la Campa, Xiana.

03/03/2015

Consultamos o libro *Luces de alén mar, As escolas de americanos en Galicia* e o arquivo online do Consello da Cultura Galega.

02/03/2015

Post individual Amosa Tato, Cristina.

26/02/2015

Post individual Luengo Martínez, Diego.

Post grupal no que repasamos os puntos tratados ata o momento.

25/02/2015

Un dos nosos compañeiros coñece a situación de Avión por un documental de TVE e decidimos investigar a realidade do pobo ourensán.

24/02/2015

Post individual Gómez Vales, Laura.

As nosas compañeiras Laura e Cristina van a entrevista con Neira Vilas.

21/02/2015

Logo da visita á Cidade da Cultura reparamos na revista *Céltiga* e a súa importancia para a emigración. Consultamos a súa sede online onde se atopan todos os exemplares.

20/02/2015

Post individual Gómez Calvo, Noelia.

18/02/2015

Post individual Gómez de la Campa, Xiana.

Imos a Cidade da Cultura por primeira vez na busca de libros sobre os estereotipos existentes arredor dos galegos. Consultando *O inmigrante imaxinario*.

16/02/2015

Primeiro post de Amosa Tato, Cristina.

Para iniciarnos no tema dunha maneira práctica acudimos ao arquivo da Biblioteca Xeral de Santiago de onde obtemos o libro *As cartas do destino*.

14/02/2015

A primeira quedada do grupo tendo claro os nosos temas e obxectivos para poder definir a que ía ser a nosa traxectoria no blogue.

06/02/2015

Poñémonos en contacto co profesor Carlos Loureiro, entendido e einteresado no tema para que nos guíe por un tema tan amplo.

29/01/2015

Asistimos á inaguración dunha exposición na Fundación Eugenio Granell para poder charlar coa responsable e conseguir así que nos avalen no noso traballo futuro da emigración

1.4.1.- Estimación sobre os procedementos levados a cabo (reflexividade)

Quizais o máis importante á hora de acordar as bases seguidas na elaboración e seguimento do traballo, foi o afán de conseguir a retroalimentación do público. Petendiamos amosar como foi a emigración daquela época dunha maneira chamativa e impactante, comparándoa coa actualidade. Durante a camiñata, decatámonos de que o verdadeiramente interesante para os compañeiros era a relación coa realidade actual, polo que, intentamos encamiñarnos cara esa travesía sen esquecer a importancia da historia da migración galega.

1.4.2.- Estimación sobre o seguemento e fases do tema nos post do grupo (non só os grupais) e interese dos compañeiros da aula.

Pese a ter uns obxectivos principais, ao longo do desenvolvemento do noso traballo as nosas ideas foron cambiando. Diversos temas que non tiñamos a intención de tocalos acabamos dedicándolles algún que outro post, mentres que outras cuestións que considerábamos principais. En canto ao interese e influencia na aula, esperábamos ter por parte da clase unha maior retroalimentación e resposta no proceso. Unha maior parte dos nosos post no obtiveron practicamente comentarios polo resto dos grupos e compañeiros, aínda que a nosa idea principal era espertar en eles un maior interese no tema.

1.4.3.- Estimación sobre a vinculación do tema cos temas e conceptos vistos e entregados polo profesor na aula (relación e apropiación de coñecementos; uso dos apuntamentos e lecturas).

Conceptos como a biopolítica entendida como a captación de persoas como recursos que deben ser coidados, un termo que se desvanece cando unha comunidade deixa marchar, motiva a fuxir ou impide un desenvolvemento libre das persoas. Cando o goberno non dá abastecido as necesidades dos membros que forman a súa comunidade, ven necesario emigrar.

A comunicación comunitaria foi o termo que máis se achegou á nosa perspectiva arredor do traballo. Exemplos que lle dan significado como a prensa, as escolas, a correspondencia, a creación das sociedades ou de colectivos intelectuais e culturais, todo un compendio da identidade que se alcanzou fóra entendéndoa como un “vínculo” necesario forxado para e por emigrantes. O mesmo “vínculo” debe ter continuidade histórica na emigración que devén ou xa está presente.

1.4.4.- Resultados e/ou procesos acadados polo grupo. Valoración. Relación entre os procesos realizados. Actividade de visibilización.

Como aclaramos no punto 1.4.1, buscabamos ante todo a retroalimentación, e para iso, amais de apelar á migración actual, estudamos sucesos e figuras importantes que tiveron lugar na época analizada. Fumos á Estrada entrevistar a Neira Vilas por exemplo, quen nos deu unha visión xeral do que era emigrar no seu tempo. Amosamos xornais da época, escolas creadas, anécdotas etc... é dicir pretendemos transmitir ese sentimento do ser galego que moitos dos nosos paisanos tiñan fóra da nosa terra. Tamén quixemos amosar a diferenza entre emigrar antes e agora e a influencia dos avances tecnolóxicos na maneira de entender o termo estudado e reaccionar ante el.

1.5.- Materiais (sen número de páxinas):

1.5.1.- Bibliografía e referencias consultadas.

-NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (2002). *O inmigrante imaxinario*. Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicación e Intercambio Científico.

Este libro trata os prexuízos e estereotipos que tiñan dos galegos na Arxentina, e que até chegaban a ter os nosos propios paisanos.

Está ambientado ao redor de 1880 e 1940 e analiza diferentes parámetros sociais e culturais.

-NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (2005) . *As cartas do destino*. Editorial Galaxia, colección *Memoria*.

O libro fálanos da correspondencia conservada entre diferentes familias galegas que se viron obrigadas a emigración e a vloraiín da informaión que nelas se transmitía.

-Consello da Cultura Galega, Xunta de Galicia.(2012). *Luces de alén mar, As escolas de americanos en Galicia*. A Coruña: Consello da Cultura Galega.

Nesta obra faise un percorrido pola gran parte das escolas creados en Galicia polos emigrantes. Recolle a formación das escolas, os obxectivos que se pretendían, como foron recibidas pola poboación e opinións dispares sobre o que fomentaban.

- FREIXANES, VÍCTOR. F (1976). *Unha ducia de galegos*. Editorial Galacia, Vigo.

Entrevistas a grandes personaxes da historia galega como son Otero Pedrayo, Méndez Ferrín, Paz Andrade, Seoane, Celso Emilio, etc... analizase, entre outros aspectos de interese, a migración desde o punto de vista dos propios entrevistados e a importancia do ser galego dentro e fóra da propia terra.

-LOJO, MARÍA ROSA(1954). *Los "Gallegos" en el imaginario argentino*. Editorial Galicia Exterior.

Detallado estudo para desmentir un estereotipo extendido na "quinta provincial" galega tal como avanza o título. É, amais, un recoñecemento de ambas personalidades: a arxentina e a galega.

1.5.2.- Enlaces recabados comentados.

– Avión, el pueblo ausente: Un documental sobre la emigración gallega en América (2014). Consultado el 24 de Febreiro de 2014, páxina web de RTVE.

<http://blog.rtve.es/somosdocumentales/2014/07/avi%C3%B3n-el-pueblo-ausente-un-documental-sobre-la-emigraci%C3%B3n-gallega-en-am%C3%A9rica-.html>

No enlace de RTVE cóntanse as distintas características do documental e do municipio, profundando nas características e historia dos seus habitantes.

– Delgado, Sergio. 2013. El Síndrome de Ulises: el impacto psicológico de la emigración. Consultado o 10 de marzo de 2015,

de <http://www.psicologiaenlared.com/el-sindrome-de-ulises-el-impacto-psicologico-de-la-emigracion/>

Esta páxina trata sobre o Síndrome de Ulises, enfermidade que provocan os distintos fenómenos psicolóxicos ó emigrar. No enlace conseguimos a información necesaria, incluíndo as causas, as consecuencias e outras peculiaridades deste descoñecido síndrome.

-Equipo Voltar á terra. 2015. Manifiesto Voltar á terra. Consultado o 14 de abril de 2015 en Youtube <https://www.youtube.com/watch?v=b-Dl4qsr4>

Trátase dun vídeo que nace como un manifesto da iniciativa Voltar á Terra con galegas e galegos espalladas polo mundo.

-Redacción Voltar á terra. 2015. Voltar á terra. Consultado o 14 de abril de 2015 en Wordpress:

<https://voltaraterragalega.wordpress.com/>

Este é o blogue resultado da iniciativa Voltar á Terra con galegas e galegos espalladas polo mundo.

-Redacción Global Galicia. 2015. Global Galicia. Consultado o 10 de marzo de 2015:

<http://www.globalgalicia.org/>

Plataforma que nace da man de La Voz de Galicia e que pretende crear unha comunidade de galegos no exterior.

-Consello da Cultura de Galicia. Céltiga. Consultado o 24 de febreiro de 2015 en:

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/celtiga/

Fondo documental do Consello de Cultura onde están rexistrados exemplares da revista Céltiga.

– Ordaz, Pablo (2005). “Atrapados entre los Ferrari y la vejez”.

Obtida o 24 de Febreiro de 2014, de

http://elpais.com/diario/2005/06/01/espana/1117576806_850215.html

Neste enlace, unha reportaxe pertencente a El País, encontramos información sobre o municipio de Avión, incluíndo declaracións de distintos veciños.

– Rodríguez, Rubén (2013). “Un documental recorre el éxito y el fracaso de los emigrantes de Avión”. Obtida o 24 de Febreiro de 2015, de

http://www.economiadigital.es/gles/notices/2013/02/un_documental_recorre_el_exitoy_el_fracaso_de_los_emigrantes_de_avion_28692.php

Páxina grazas á que aumentamos a nosa información sobre o municipio de Avión, en concreto sobre o documental que se fixo sobre este, contando as distintas características do lugar.

- País, El (2014) . “La Guardia Civil frena el asalto a Melilla de 800 inmigrantes en una noche” . Obtida o 8 de abril de 2015: http://politica.elpais.com/politica/2014/01/22/actualidad/1390410817_615609.html

- AGENCIAS(2013), “Unos 300 inmigrantes asaltan la valla de Melilla y otros tantos lo intentan a nado en Melilla”. Obtida o 8 de abril de 2015: <http://www.rtve.es/noticias/20130917/unos-300-inmigrantes-asaltan-valla-melilla-mas-cien-intentan-entrar-nado-ceuta/747048.shtml>

- AGENCIAS(2014). “Inmigrantes apedrean a los agentes de la valla de Melilla en un nuevo asalto”. Obtida o 8 de abril de 2015: <http://www.abc.es/espana/20141022/abci-asalto-valla-melilla-inmigrantes-201410220831.html>

- Espigón Norte(2015). “50 inmigrantes asaltan la frontera de Ceuta y uno de ellos logra entrar por mar”. Obtida o 8 de abril de 2015: <http://www.elmundo.es/espana/2015/02/03/54d0de9bca4741c0318b45a7.html>

Nestes catro enlaces atopamos as referencias sobre a criminilización por parte dos medios de comunicación dos emigrantes que se ven obrigados a saltar a valla de Melilla na busca dun futuro mellor. Son noticias publicadas polos periódicos nas que deixan claro a súa postura sobre os emigrantes dos nosos días.

1.5.3.- Axenda de contactos.

Asociacións:

Fundación Eugenio Granell (dirección e hemeroteca): aval do grupo e documentadora.

Fundación Luis Seoane: documentación da biografía e préstamo da súa obra *Galicia Emigrante*.

Grupo de comunicación Crónicas de la emigración (Galicia en el mundo): documentación e intermediario para contactar con sociedades de emigrantes que aínda perviven alá.

Asociación de emigrantes de Santiago de Compostela: entrevista que non foi adiante.

Individuos:

Carlos Loureiro: documentación, préstamo de obras e intermediario para contactar con Manuel Barros.

Manuel Barros: documentación, opinión persoal e contacto con Hijos del Ayuntamiento de La Estrada.

Florinda Fins: opinión da experiencia como emigrante (entrevista).

Xosé Neira Vilas: opinión da experiencia persoal como emigrante, intelectual, xornalista e escritor (entrevista).

Matilde Bermúdez: opinión da experiencia persoal como emigrante e familiar do círculo próximo ao réxime de Fidel Castro.

Víctor Freixanes: préstamo de obras

Fernando Redondo: intermediario para contactar con Neira Vilas
COP (Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia)

Global Galicia: intento de documentación

Sermos Galiza: intento de documentación

1.5.4.- Ficha de Espazos, Situacións e Contexto (describir e analizar influencia nos encontros realizados e no traballo final)

Algúns dos espazos nos que traballamos coinciden coas propias Asociacións das que botamos man. Presentámonos na Fundación Eugenio Granell – amais todo o grupo, sen voceiro representante- para solicitar o aval e máis tarde para ter acceso ao rexistro da súa biblioteca, onde a encargada moi amablemente nos ofreceu libros e tratados sobre o tema (mostra do enorme estudo que hai detrás) permitíndonos ademais, buscar pola nosa conta outros recursos de interese na biblioteca.

Outro espazo no que traballamos foi a Biblioteca Xeral Fonseca.

Falamos cunha encargada do arquivo que non está presente na sala de lectura, e trasladounos a outra sala de consulta máis específica. Foi aquí onde puidemos ver as impresións das revistas e xornais publicados na época sinalada.

Na mesma liña, acudimos á Fundación Neira Vilas e mentres agardamos a que o escritor nos concedese o seu tempo, puidemos visitar a biblioteca que aínda que pequena, ten unha fonda cuberta de libros (concretamente 8.500 volumes) sobre a Emigración a Suramérica.

Outros lugares onde nos movimos foron a propia biblioteca da facultade mediante o Catálogo Iacobus do que tomamos a inmensa listaxe sobre publicacións e persoeiros. Amais foi a facultade motivo de encontro do grupo e das discusións arredor dos posts. Acudimos ao Consello da Cultura no pazo de Raxoi para dipoñer dalgúns dos contidos do Arquivo da Emigración Galega. Porén, dende alí aclararon que a presenza dese contido estaba na Cidade da Cultura, para cuxa visita adicamos unha mañá enteira. Un aspecto moi positivo en torno ao traballo, foi contar con moitísima información na rede. Moitos dos arquivos teñen versión dixitalizada. Algunhas publicacións contaban con versión escaneada. Hai estudos de investigación en formato pdf, publicacións dixitais, plataformas web, comunidades emigradas que establecen o contacto polas redes sociais, etc. Isto non fixo senón acurtar o espazo e poder traballar os membros do grupo en candanseu ordenador aínda que en conxunto para contrastar ou evitar discrepancias. Para rematar, cando falamos con Matilda Bermúdez ou Florinda Fins, permitíronnos ir ata a súa casa nun contexto máis informal e directo. E cando tomamos contacto con algúns dos estudantes que ven a emigración como posibilidade futura, saímos á rúa literalmente e achegámonos a algunhas facultades para tomar declaracións.

2.- Aportacións individuais (3 páx. máx. cada alumna/o)

2.1.- Aproveitamento individual do traballo. Coñecementos, capacidades e destrezas conseguidas. Aproveitamento lecturas realizadas (non só das LR).

2.2.- Aportación individual á orientación do tema e experiencia da/o alumna/o na organización grupal (posibilidades de mellora do traballo e crítica construtiva do mesmo).

2.3.- Actividades individuais realizadas no traballo e, se de caso, participación en eventos e exercicios na aula, fóra dela e no blog respecto deste traballo e nos temas dos outros grupos.

2.4.- Indique e precise se cre posible desenvolver o traballo realizado nunha actividade futura (TFG, traballos para outra materia, actividade profesional, aportación á sociedade, a movementos ou a grupos,...). Como?. Rendabilidade.

AMOSATA, CRISTINA 151.D01

2.1

Este traballo servíame principalmente para medrar e aprender a desenvolverme no xornalismo. Ademais de que a emigración era un tema que me interesaba, por ter parentes emigrantes máis que nada, tirei por el dende o comezo. Descubrín cousas da emigración en Latinoamérica das que non tiña menor idea, como que o himno nacera alí ou que os galegos na Habana chegaron a ser máis ca os que había en Vigo nunha determinada época. Descubrín que temos unha identidade pola que algúns loitaron máis do que eu imaxinaba fóra das fronteiras, porque aquí non lle deixaban, e que o fixeron cunhas capacidades salientables e así crearon revistas, xornais, pinturas, libros, música... Finalmente opino que a produción cultural en galego debeu ser maior en Bos Aires ou na Habana do que o é en Santiago hoxe en día. Falando de algo máis concreto e próximo, descubrín que o teleclub da miña parroquia era a casa escola creada por emigrantes e até atopei unha foto e documentación de quen a financiou e púxenme en contacto ca sociedade Hijos de La Estrada. Mais alá do tema, a estratexia de traballo obrigoume a irme desenvolvendo: dende aprendendo a documentarme buscando información en arquivos, buscando números vellos de revistas etc. até facendo entrevistas. Penso que gañei experiencia e sobre todo resalto o das entrevistas porque me pasou algo curioso: Ó entrevistar a dous emigrantes retornados de Cuba, a opinión sobre o réxime era totalmente distinta, e aínda que quizais non fose tan interesante para o noso traballo, intentei ir levando as entrevistas cara ese punto para comparar as disparidades entre ambos entrevistados e ver como cambia a información segundo a fonte.

En canto ás lecturas recomendadas, *Los cínicos no sirven* para este oficio eu defínoo como un manual do bo xornalista e polo tanto é un imprescindible. Resaltaría, tanto deste libro como do artigo de *Feliz año del limón* o bo sabor de boca que deixan, o alento a continuar no xornalismo porque é un oficio de, por e para persoas. O filme de *Stories we tell* servíame para reflexionar no poder dunha idea e a potencialidade que pode alcanzar cun baixo presuposto mentres que *Ace in the hole*, a que menos me gustou, só me fai pensar no rancios que somos ás veces os seres humanos ó movernos por ambición. En canto a textos que fomos lendo ao longo do curso, volvo resaltar de novo o de *Feliz año del limón* porque me gustou realmente e me animou, porque tamén me recordou o poder das ideas e que para conseguir algunha realidade marabillosa primeiro hai que ter un soño disparatado.

2.2

O meu principal obxectivo con este traballo era rescatar medios feitos por emigrantes galegos, darlles un recoñecemento e sacar á luz esa labor cultural. Mais co tempo xurdiron novas ideas e o traballo foi evolucionando. A miña experiencia neste grupo foi positiva. Quizais fomos un pouco desordenados ás veces e acercábase o día de publicar e non tiñamos claro por onde ir. Penso que un problema constante que tivemos como grupo foi que tiñamos moitas ideas e moitos itinerarios a seguir pero que eran inabarcables e non sabiamos por onde comezar. Sen dúbida unha posibilidade de mellora sería levar unha axenda máis ordenada, plantexar os temas e seguiilos máis ao pé da letra. Porén, moitas veces o feito de deixarnos levar polo que ía aparecendo e non ser tan ordenados á hora de seguir un foco fixo que evolucionáramos cara novos derroteiros como foi a emigración actual.

2.3 Penso que unha das miñas principais labores no grupo foi contactar con fontes e entrevistalas nalgún caso. Falei cun antigo profesor que me fixo de intermediario cun cubano fillo de emigrantes e membro dunha sociedade, Manuel Barros. Ademais entrevistei xunto con outra compañeira a Neira Vilas e tamén fixen unha pequena entrevista a miña avoa, emigrante, e a outra veciña retornada de Cuba. Podo dicir que no que máis participei e me impliquei foi no que me tocaba de cerca e me interesaba máis. Así o meu último post por exemplo, foi froito do contacto ca sociedade Hijos del Ayuntamiento de La Estrada e tamén de investigar sobre o xornal El Emigrado. Xa falara noutro post desta publicación e tamén me interesara por un escritor da miña parroquia que fora director do xornal. En definitiva, as miñas aportacións individuais consistiron en buscar no que tiña máis próximo, fontes e documentación relacionados ca emigración, fundamentalmente porque me interesaba máis coñecer o que fixera a xente do meu pobo a nivel cultural e xornalístico que a de calquera outro sitio.

2.4 Realmente penso que este traballo pode ser útil de cara o futuro. A min persoalmente é un tema que me interesa e por iso apostei por el asique de momento queda como unha idea que pode ser que me sirva para o TFG por exemplo. Orientaríaio ao tratamento mediático dos inmigrantes na actualidade en comparativa cos emigrantes nosos (que se tratan con certo victimismo) ou tamén me interesa a evolución tecnolóxica dos medios e se había medios clandestinos no exilio. Este último camiño quedou sen labrar porque non había información e deixoume con curiosidade. Penso que como aportación á nosa

sociedade é útil porque é algo noso, que estivo e está aí a tempos de hoxe e tamén para movementos e grupos. Polo de pronto, ó contactar ca asociación Hijos de la Estrada e comentarlles o traballo, pedíronme que lles enviara o escrito dalgúns posts asique xa cruzou fronteiras.

GÓMEZ CALVO, NOELIA 151.D02

2.1

Ao comezo da andaina pola materia de Comunicación Interpersoal, descoñecía o significado esencial do termo e, polo tanto, tamén do valor da propia asignatura. Non só consiste en desenvolver as nosas capacidades como profesionais da comunicación, se non que vai máis aló, pretende chegar ao razoamento individual e á reflexión do que é verdadeiramente comunicar. Durante esta camiñada, fun quen de ser crítica co meu entorno, tanto á hora de analizar uns filmes ou unhas lecturas, como á hora de xulgar o traballo dos meus compañeiros, sempre, iso si, con argumentos construtivos. O traballo en grupo, ás veces non é doado, mais foi unha experiencia positiva tanto a nivel persoal como profesional traballar sobre a migración galega. Nun principio non sabiamos por onde encamiñar o tema en relación coa materia, mais a día de hoxe, e despois do seguimento pautado do traballo, podo dicir que foi unha maneira diferente e enriquecedora de adentrarse no mundo do xornalismo desde outra perspectiva. As lecturas a maiores que o profesor nos remitiu por correo, foron portadoras de pequenas anotacións cada unha, que me axudou á hora de enfocar o meu seguinte post, ou de xulgar o traballo do compañeiro.

2.2

En canto ao noso traballo, non podería dicir cal era o meu papel no grupo, xa que todos traballamos dunha maneira conxunta. Adoitabamos ir xuntos a buscar información para a seguinte entrada, sen discriminar a quen lle tocase publicar. Nese sentido, podo dicir que quedei moi leda co compañeirismo amosado. Por outra banda, persoalmente quixen orientar os meus post dunha maneira concreta, é dicir, buscando en todo caso a retroalimentación dos compañeiros. Quixen escoller temas que apelaran a súa atención e no fondo, creo que o conseguín xa que en tódolos post recibín bastantes comentarios. Polo que, estou satisfeita co meu traballo aínda que como en todos os aspectos da profesión, podo dicir que sempre se puido facer mellor. Unha cousa é estar satisfeita co traballo realizado e outra é dicir que si que

puido ser mellor. Dicar tamén, que lin o primeiro libro do profesor Freixanes *“Unha Ducia de Galegos”*, no que entrevista a grandes personaxes da nosa historia como foron Otero Pedrayo, Méndez Ferrín, Seoane, Cesó Emilio, etc... e me axudaron tamén a entender a migración desde o seu punto de vista (un dos post adiqueillo a Seoane e grande parte da información saqueina desda fonte). Na época na que nos atopamos, na grande migración xuvenil, foi fundamental e quizais de grande interese analizar como fora o pasado. E precisamente iso, a actualidade o que fixo que o noso traballo fose forte comunicativamente. Por exemplo, o post que publicara cando entrevistei a Eloy Vidal, un mozo galego migrante en Sevenoaks, a resposta dos meus compañeiros foi alta en numeración e contido. Pedro Davila dicíame que lle parecía moi interesante que tratáramos temas da actualidade porque lles chegaba moito máis. Foi nese momento cando orientamos o noso traballo máis cara o actual xogando sempre coa comparación antes-agora.

2.3

Á hora de procurar a información, a nosa primeira viaxe xuntos foi a Fundación Eugenio Granell, a que nos avalou. Volvemos fará un mes para completar un dos últimos post. Logo tamén fomos a Cidade da Cultura, onde consultamos moita bibliografía interesante e da que naceu o meu primeiro post. Para o noso traballo queríamos usar material de todo tipo: libros, prensa, audiovisuais, etc... polo que tamén fumos a Biblioteca Xeral varias veces para consultar material moi interensate que só é de uso en sala. Da busca na rede nace, por exemplo, o post de Diego sobre Avión. En canto ao traballo dentro da aula, participei en algún que outro debate e foi moi enriquecedor que o resto dos grupos falaran sobre o seu, xa que creo que a visión dos compañeiros noutros temas, tamén nos inflúe positivamente no noso propio traballo. Os pequenos exercicios que foron mandados para facer dentro e fóra da aula, intentei enfrontarme a eles ante todo con sinceridade e rigoridade profesional. Un dos que me pareceu máis interesante foi o decálogo e un que versaba sobre a influencia e repercusión dos outros en nós (non lembro moi ben o nome concreto). Por outra banda, foi moi interesante adicarlle algunhas aulas a aclarar conceptos relacionados coa materia, xa que creo que nos axudaron á hora de moldear o noso traballo e reflexiar sobre os dos compañeiros. En canto os compañeiros, dicir por exemplo que me chamou dunha maneira especial o tema da Muller, e seguín con

cautela e precisión tódolos seus post, aos que respotei un venres cada 15 días intentando aportar algo constructivamente baixo o meu ollo feminista e xornalista.

2.4

Para rematar, dicir que o noso tema de traballo captou a miña atención desde o primeiro momento. Dende o primeiro contacto e a primeira entrada, souben que o que ía aprender durante esos meses me ía servir para o resto da miña carreira profesional e persoal. En outras materias como en Industrias Culturais ou Xéneros Opinativos, o profesor nomeaba sucesos ou historias da migración galega, e eu, dende o meu asento como público, sabía do que estaba falando pór mor deste traballo, tiña un coñecemento previo, documentado e analizado do que foi a migración naquelas épocas. Este traballo podería ser perfectamente un estudo de TFG, ou unha reportaxe comparando a migración actual coa estudada, ou destacando o sentirme de ser galego que se tiña naquela época, etc.. é dicir o tema en si, xunto a todo o investigado e os resultados obtido, dá moito xogo para calquera traballo futuro,o,u mesmo persoal.

GÓMEZ DE LA CAMPA, XIANA 151.D03

2.1

O avance do traballo supuxo, ao mesmo tempo, un avance nos coñecementos que tiña arredor do tema. No meu caso, non tiña familiares directos que se vira nesta situación porque non eran quen de reunir os cartos mínimos para emprender a viaxe e tiveron que quedar a merced da fame. Sempre pensei que a situación debía ser terrible para poder entrítecerte por non poder fuxir da terra na que naceches, pero co desenvolvemento do traballo fun quen de ser consciente de que a prosperidade galega estaba ao outro lado do océano.

Os coñecementos foron moitos. Por moito que soubera do tema non era consciente da dimensión da emigración ata que puider comprobar como os símbolos da nosa identidade naceran noutro continente, como a nosa lingua sobreviviu grazas aos que marcharan da terra e como eles mesmos foran capaces de apostar pola prosperidade da Galicia que deixaran. Percateime da importancia de Luis Seoane quen quedou a sombra das caricaturas de Castelao. E puider valorar a carta como un medio de comunicación esencial na época e non quitarle importancia ao papel e aos sentimentos que cruzaban o charco con lentitude. E por

último ser consciente da orixe dos estereotipos que perduran hoxe cara a nosa lingua, terra e xentes, a pesar de ser un cultura capaz de superar séculos de escuridade sen esgotarse.

A organización non sempre foi ben. Ao principio parecía que cada quen tiña as súas función máis ou menos claras, pero co paso do tempo e a orientación do tema cada un foi salvando o posto na axuda dos compañeiros, construindo una estrutura complicada e non sempre eficaz.

2.2

A miña aportación persoal foi, sobre todo, os medios de comunicación dos que dispoñían na época. O caso das cartas e ser capaces de valorar a súa importancia e toda a información que sumistraban aos que non puideron ou quixeron marchar. Atopámonos libros e máis libros en calquera dos arquivos que consultamos e tamén contamos coa correspondencia dalgún dos meus compañeiros. Por outra banda, aportei o interese polas escolas creadas polos emigrantes na terra que deixaron como o valor engadido e a aposta pola prosperidade e o futuro dunha Galicia no declinar. Logo quixen aportar a importancia dunha comparativa entre a emigración de onte e hoxe, pero por falta de tempo e quizais de consenso non se lle adicou oos posts que necesitaba e só demos pinceladas sobre o tema.

Considero que un dos maiores erros que tivemos foi a falta de interactividade cos nosos espectadores e a continuidade. Precisábamnos ir construindo una rede na que os posts estiveran conectados por algún motivo e así crear a historia da emigración e conseguir que o noso público sentise máis interese polo tema e así puidesemos entablar un diálogo con el.

2.3

A temática non permite asistir a moitos eventos, xa que as actividade relaciondas son excasas ou case inexistentes. A maior parte dos traballos e a asistencia a fundación ou a outros lugares de interese tentamos ir sempre xuntos. Ás veces era complicada compaxinar horarios e dispoñibilidade, pero preferimos non ter unha estrutura moi marcada que todos nos puidésenos mover con liberdade a participación fose igualitaria en eventos e no traballo en xeral.

2.4

O tema é tan amplo e complexo que perfectamente daría para un TFG ou unha tese. Dende o comezo fomos conscientes do difícil

que era acotar a emigración galega e xa finalizado o proxecto reafírmome niso. Trátase dunha cuestión con peso na sociedade e que quizais non teña suficiente visibilidade nos medios polo que sería una temática moi interesante para futuras reportaxes ou entrevistas. Con isto poderíase lle dar claridade a situación dos novos galegos emigrados e como eles, grazas ao avances tecnolóxicos, viven una emigración distinta. Tamén nos serviría para aclarar algo que vai no noso ser, case no noso ADN. Queiramos ou non a emigración é algo noso e dalgunha maneira esta situación axudounos a conformar a nosa identidade e personalidade. Porén non podemos esquecer os estereotipos creados arredor da nosa cultura como consecuencia directa da emigración e que seguen sendo una traba para os galegos do estranxeiro.

GÓMEZ VALES, LAURA 151.D04

2.1

Podo dicir que fun consecuente dunha evolución arredor deste tema e iso tamén me proporcionou unha visión mellorada do mesmo. Cando solicitamos documentación nalgúns dos arquivos, (Biblioteca Xeral de Fonseca, por exemplo) os encargados pediánnos un acotamento dos contidos e, sen embargo, eran eles os que despois nos daban acceso a unha vasta documentación. Eu supuxen que era difícil redefinir liñas-incluso para eles-no tocante á Emigración, ben porque hai moito escrito dunha calidade envexable e ben porque foi un fenómeno moi próximo á nosa realidade.

En canto aos coñecementos, para a miña sorpresa, descubrín por exemplo, que nun lugar próximo ao meu pobo, houbo unha escola da emigración que agora está convertida nun edificio de asociación cultural. No post en que falamos da correspondencia, reparei, asemade nos papeis vellos que tiña na casa e que meu pai se encargara de gardar. No tocante ao idioma, coñecer como o galego nos lugares de destino era considerado “malformación” do castelán porque se tiña estereotipado o territorio español como un país monolingüe e cunha tradición flamenca. Na mesma liña, descubrir como a creación de símbolos identitarios, uniron unha colectividade galega que parecía tan desmembrada dentro do seu país (argumento que afiancei na conversa con Neiras Vilas).

Descubrir a figura de Luis Seoane e ver como a pesar da súa labor intensa, a súa figura quedou relegada á de Castelao e ás súas viñetas. Seoane un pintor e exiliado que nunca tería defendido a emigración, pois en palabras del “quen está a favor da emigración, está a favor da inxutiza”. Foi nestas palabras que reparei ao

comparar a emigración actual, pois existe esa visión xeralizada e errada- quizais por discursos políticos- de que a emigración de hoxe ao vivirse en “mellores condicións” pódese referir a ela como unha emigración “voluntaria”.

2.2

A miña aportación tiraba na meirande parte do tema, ao rescate de antigas publicacións. Foi entón como atopei Vierios, Ecos da terra, Breogán, Galicia emigrante e unha lista eterna. Tamén no relativo á construción de estereotipos da época ou a posibilidade de falar cun referente vivo, Neira Vilas. A viraxe que sufriu a miña opinión, conxunta á evolución do traballo, deveu descubrir a importancia da comparativa nas migracións. Mágoa non ter profundizado máis nesta premisa pois seguro sería de maior interese para o resto de compañeiros e quizais para a nosa maduración persoal. As posibilidades que nos tiveran aberto artes como o teatro, o cine e a música creo que foron desaproveitadas e secadra, teríamos conseguido afianzar mellor ao noso “público”. Seguir unha liña máis cauta e constante tamén lle daría máis coherencia aos post, é dicir, publicar cada un dando unha razón concreta da súa publicación e que, ao tempo, gardase certa relación co anterior. Se ben cometimos o erro de abarcar máis do que podíamos, tamén é certo que acotar demasiado o tema nos pechaba portas e posibilidades de novos achados (interesantes como aportación en posteriores traballos).

A organización grupal foi sen dúbida unha dificultade engadida: chegar a acordos sobre a orientación que ía vestindo o tema, establecer datas e horarios, asignar mal os papeis dos que cada un debiera ser responsable... O contido dos post, errado nalgúns casos, foi tamén causa de disenso. Pero tamén é certo que aprendimos moito, soubemos saír dos apuros e maduramos en conxunto.

2.3

As miñas iniciais propostas, como dixen, pasaron por darlle visibilidade e valor ás vellas publicacións. Así, propuxen lembrar a Céltiga, nexo de unión. A miña pretensión era inviable polo amplísimo abano de revistas e medios en xeral que se desenvolveron daquela. Aínda hoxe hai revistas vivas dos Centros Galegos (Raiola, Ultreia, Anduriña, Saudade...). Cando atopei a Niní Marshall, a actriz que imitaba ás mucamas galegas, afondei no tema dos estereotipos. Cuestión que viría completada cos libros do depósito da Cidade da Cultura. Na medida en que as tornas do

traballo mudaron, e no referente á emigración actual, propuxen a lectura de plataformas cibernéticas como Global Galicia (iniciativa de La Voz) e Volver á terra (cun fondo máis nacionalista) que nacen hoxe como unha comunidade entre os mozos emigrados. Outras das miñas pretensións quedaron no abeiro:concretar unha entrevista con algún dos promotores de *Fogar de Teodomiro*, un hotel de baixo custe creado por dous amigos que tras emigrar a Europa viron unha posibilidade de mercado moi extendida alí e pouco explotada aquí. A publicidade que aparecían nos medios de entón que era unha mostra máis dos estigmas arredor do galego e moitos respondían a un estereotipo do rol femenino. A dificultade de análise e de orientación fixo sucumbir esta idea.

Quedoume a espiña – porque a emigración tamén fala a través de documentos gráficos- falar dos *Adeuses. Fotografías de Alberto Martí E*, malia ter tratado a muller que emigraba non tratamos a perspectiva das que quedaban aquí ao coidado da casa e dos fillos.

2.4

A extensión da Emigración Galega dá para facer o TFG, unha tese ou un libro. De feito, a miña sensación ao rematar foi a de quedarnos curtos, unha sensación que xa me viñera ao comezo na elección do tema. Vexo como unha posibilidade afondar na Emigración arredor de futuras reportaxes, entrevistas (visión dos emigrados de hoxe ou das intelectualidades que quedan) etc. O fecundo do tema xa non é só o tratamento dos medios respecto da Emigración antecedente ou a de hoxe. Non é só o papel da muller e os cambios que experimentou. É dicir, como a Emigración está na nosa impronta como galegos, podería ser un proxecto realizar unha publicación allea a todo escrito anterior que tratase da comunidade migratoria e das súas formas de comunicación na actualidade. A rendibiliade podería caer nese caso, no valor engadido que ten o imaxinario galego do fenómeno e dar á esa posible publicación unha imaxe renovada.

LUENGO MARTÍNEZ, DIEGO 151.D05

2.1

O traballo servíume para aumentar e afondar nos meus coñecementos. Todos sabemos algo sobre un tema tan falado como a emigración, no meu caso coñecía o básico, polo que o traballo servíume de gran maneira. Ademais do relacionado co noso tema, un proxecto de este tipo tamén me serviu para mellorar as miñas destrezas á hora de realizar un traballo en grupo. A nivel

persoal, nunca fixera un traballo en grupo que requirira un esforzo diario ao longo de todo o cuatrimestre, xa que noutros casos os esforzos e agobios comezan días antes da entrega. Así aprendín a levar as cousas relacionadas coa materia e o blog ao día, e outras destrezas como unha maior facilidade á hora de documentarme sobre un tema, a busca de información en bibliotecas e outros escenarios. Mentres que ao principio acudía un pouco perdido, co paso do tempo o proceso de documentación á hora de procurar distinta información converteuse en unha aventura moito máis sinxela.

Outra das destrezas que adquirín, o máis ben, mellorei, foi a de preguntar, falar coa xente, xa que aínda que pareza raro, foi unha cousa coa que sempre tiven dificultades debido ao reparo en distintas ocasións. É algo esencial nunha profesión como a que pretendo adicarme e esta materia logrou en mi esta mellora.

En canto ás lecturas, tiven a oportunidade de visitar un gran número de lugares cos meus compañeiros onde investigamos en distintas lecturas. Como por exemplo na Fundación Eugenio Granell, onde empapeime de información sobre o artista na súa biblioteca chea de libros que contan historias que desexan ser descubertas.

2.2

Partimos da idea de que ningún traballo é perfecto, evidentemente o noso ten problemas como poden ter todos. Poderíamos haberlle dado unha maior importancia a temas aos que non lles dimos a súa merecida. Como por exemplo o desenvolvemento de actividades culturais, como revistas, en latinoamérica ou distintos lugares de emigrantes galegos.

Aínda que en ocasións foi difícil a forma de organizarnos á hora de traballar, sempre acabábase levando a acordo, polo tanto os problemas reducíanse a aqueles que sempre se producen á hora de facer calquera actividade en grupo. Deixando a parte diso, estou contento da forma en que o grupo traballou, cada unha das persoas aportou o mellor de sí e iso é fundamental á hora de traballar.

2.3

Á hora de realizar as actividades, aínda que ao principio repartimos as distintas funcións dentro do traballo, finalmente intentamos facer todo en grupo. Evidentemente era imposible acudir a tódolos lugares en conxunto, polo que en diversas actividades tivemos que separarnos, pero cousas como as nosas visitas ao Consello da Cultura ou ás distintas bibliotecas as fixemos en grupo, así como as decisións importantes e os temas a tratar entre outras cousas.

2.4

Evidentemente afondamos nun tema que da moito de sí e do que se segue investigando e facendo un gran número de estudos, xa que a emigración é un tema presente na nosa sociedade, sobre todo agora no que esta "fuga" volver a ser un dos principais problemas que afectan a España. O traballo pode servir de axuda cara a futuras materias dentro da noso grao, é un tema de actualidade do que frecuentemente se fala, polo que nun futuro será un documento ao que o sempre poderei acudir. Pódeme servir de axuda tamén nun futuro un tanto máis lonxano, na actividade profesional. Nunca saberemos os temas que teremos que tratar na nosa profesión, polo nunca estará de más ter acceso a esta información recollida durante catro meses.